

Outros temas presentados pola CIG Ensino na Mesa Sectorial

Sentenza cátedras de CMUS

Logo de coñecer que o **Tribunal Supremo non admitiu a tramitación do recurso de casación** da sentenza do TSXG que anulaba parcialmente o concurso de acceso ao corpo de cátedras de música e artes escénicas, co cal a sentenza do TSXG pasa a ser firme queremos saber como vai xestionar a Consellaría a execución desta sentenza. A sentenza anula a base 4ª 2 e haberá moito profesorado afectado. Pedimos que as medidas que se adopten sexan previamente consultadas coas organizacións sindicais.

Van analizar a sentenza e valorar as posíbeis opcións. Hai aínda outro recurso de casación pendente e un recurso no TSXG pendente.

Recoñecen que estamos diante dunha situación moi complicada.

Confirman que só afectaría á quen accedeu pola base 4ª 2 por carecer de doutoramento, mestrado, etc... As persoas que accederon pola base 4ª 2 mais si tiñan titulación da base 4ª 1 e decidiron presentala como mérito e non como requisito non terían problema xa que a Consellaría deberá darlle, cando proceda, trámite de audiencia e aí poderán alegar que si contaban con esa titulación. Informan que hai outro recurso de casación perante o Supremo presentado por unha sentenza coa mesma fundamentación (base 4ª 2) mais con outro aspecto en litixio (a acreditación de concertos a través da vida laboral) algo que consideran de moi menor afectación. Hai, por último, outra sentenza pendente do TSXG.

Tendo en conta a sentenza inicial as prazas que puidesen quedar afectadas en Cátedras non se cubrirían por ninguén dos demais participantes.

En canto ás vacantes de CXT, non sacaron as prazas de CMUS profesional que puidesen necesitarse polos efectos da execución da sentenza nin cubrirán as posíbeis resultas. A mosan disposición a contrastar todas as medidas que poidan adoptar coas organizacións sindicais.

Ao respecto das listas de persoal interino de cátedras comentan que teñen que analizar se a sentenza tamén afectaría a quen puidesen estar nelas sen os mesmos requisitos de tutela investigadora (doutoramento, mestrado...)

Acceso a cátedras de secundaria

Seguimos sen datas para a publicación da resolución do concurso. Con que previsión conta a Consellaría?

A toma de posesión será con efectos do 1 de setembro de 2021; teñen ao redor de 6.000 peticións. Unha vez baremadas teñen que nomear os tribunais. Non avanza datas.

Listas de substitucións

Cando se van publicar todas as listaxes de substitucións? Vai haber novas oposicións, a xente pagou unhas taxas para estar nas listaxes e se está tirando doutras listas no lugar de usar as convocadas co cal a xente perde os cartos e non consolida. O último exemplo é Volume das Escolas de Artes, onde Persoal informou a persoas

**Datas
resolución
provisional CXT.**

Infantil e Primaria: 11 de marzo

**Secundaria e outros
corpos: 4 de marzo.**

que se anotaron que non ían usar unha lista da que nin se publicaron listas provisionais e se tiraría doutra especialidade. Demandamos que se publiquen e usen todas as listas e, de non se facer nalgún caso, se devolvan os cartos das taxas.

Recoñecen a excepcionalidade de Volume aínda que non aclaran que van facer. Hai especialidades xa saben que non van publicar porque consideran que teñen xente dabondo nas listas e nestes casos devolverán as taxas. Outras que pode ser que non se publiquen son Orientación e Primaria.

Xustificación de ausencias por indisposición leve derivada de reaccións adversas da vacina

Temos información de que a Inspección comunicou, non sabemos se con carácter xeral ou provincial, que non se aceptará ningunha xustificación por reacción adversa da vacina se non vén acompañada de xustificación médica. Cremos que a Consellaría non é consciente do que implica agora mesmo conseguir en tan poucos días unha cita médica e do innecesario que é obrigar á xente a ir ao centro médico. A medida só pode nacer da desconfianza na profesionalidade do profesorado. De verdade cre a Consellaría que o persoal dos centros vai quedar na casa sen atoparse mal? Demandamos rectificación e que se autoricen sen xustificación estas ausencias nas vacinacións.

Afirman que desde a Consellaría non saíu ningunha indicación e que algún inspector ou inspectora tomou esa decisión foi por iniciativa propia. Van mirar de darlle solución, entenden que non é algo complicado e coinciden que o momento é excepcional.

Reclamamos que Educación evite as discrepancias na xestión das incidencias pola vacinación nos centros

As distintas decisións adoptadas pola Inspección en casos nos que a convocatoria masiva de profesorado dun centro dificulta o seu normal funcionamento provoca malestar e fai preciso que de ditén unha instrucións claras para o que resta de campaña.

Afirman que non lles constaba ningún caso concreto malia termos dirixido desde a CIG-

Ensino un escrito sobre esta situación. Van analizar a situación.

Xustificante de estar vacinada/o

Como se vai enviar ao profesorado o xustificante de estar vacinado? Non chega con dicir que vai estar no expediente porque non todo o profesorado ten a prestación sanitaria do SERGAS. Vano consultar co SERGAS.

Demandamos a negociación da selección de direccións conforme a LOMLOE

Tras un curso escolar no que todas as direccións que remataban mandato tiveron que prorrogalo pola situación de confinamento total que se producía en aplicación do estado de alarma na primavera do 2020, e coa publicación e entrada en vigor da LOMLOE no que se refire á selección da dirección, a CIG-Ensino dirixiuse xa á Consellaría para solicitar que se convoque Mesa Sectorial e se inclúa a orde para convocar a selección neste ano 2021.

Hai que ter en conta que, a maiores de todas as persoas que tiveron que prorrogar forzosamente o seu mandato neste curso, no mes de marzo finaliza o prazo para que quen non desexe continuar no cargo o comunique á Consellaría e a praza que ocupa sexa incluída no proceso de selección, polo que é de agardar unha ampla oferta de prazas.

Neste propio mes de marzo van traer á Mesa a orde coa convocatoria. Tamén traerán a modificación do Decreto, que seguirá a correspondente tramitación máis lenta.

A Consellaría publica as vacantes provisionais sen negociarlas en todas as xefaturas. O caso do xefe territorial da Coruña é un insulto ao profesorado

O Xefe Territorial da Coruña négase a reunirse presencialmente nunha falta de respecto ao profesorado, aos sindicatos e á propia Consellaría que si se reúne presencialmente na Mesa Sectorial. Deste xeito, as vacantes da Coruña non contan coa negociación nin a xustificación da Inspección ás propostas sindicais.

Á situación creada pola Xefatura Territorial e a Inspección da Coruña únese a falta de resposta noutras xefaturas ás propostas presentadas pola CIG-Ensino e outros sindicatos. **Toman nota da nosa queixa.**

Pedimos explicacións á Consellaría sobre a ampliación prevista da rede de Centros Integrados de FP

Malia existir un plan deseñado desde hai tempo para transformar actuais IES en CIFP coa conseguinte eliminación da oferta de ESO e Bacharelato a Consellaría non ofrece información nin aos centros nin á comunidade educativa, un día son uns centros os que se van converter en CIFP (con visita do Secretario Xeral da Consellaría incluída) e ao día seguinte xa non e pasan a ser outro, esiximos transparencia e mantemento dos postos de traballo e unidades da ESO, Formación Profesional Básica e Bacharelato.

Ante a volta atrás dalgún cambio que tiñan xa previsto e que finalmente se descarta (IES Lamas de Abade, IES Bouza Brey) xa incorporaran as vacantes que retiraran dos centros afectados. Se houberse máis cambios posteriores á resolución provisional terían que aplicalos na definitiva.

Reincorporación de profesorado de instrumentos de vento ao ensino presencial.

Hai profesorado dalgúns CMUS que nos trasladou a necesidade de se incorporar como o resto dos instrumentos. Nunha consulta rápida a docentes destas especialidades feita polo sindicato encontramos discrepancias nas opinións, mais non só en vento, tamén noutros instrumentos. Desde a CIG-Ensino demandamos que se analice co profesorado ou as direccións e se adopte un criterio razoábel que combine as máximas garantías e as necesidades que presenta o profesorado para garantir un ensino de calidade pero coas necesarias garantías sanitarias.

Estano mirando con Sanidade, xa que a decisión consideran que dependen de Saúde Pública. Non poden confirmar aínda se habería cambios para a próxima semana.

A Consellaría continúa desmantelando o ensino público no rural

Os casos do transporte escolar do CPI Poeta Uxío Novoneyra do Courel e o CEIP de Baamonde son dous exemplos máis do desprezo que ten este goberno co rural galego, esperemos que na situación actual de pandemia, quedando clara a importancia da non masificación do alumnado non se produzan peches de escolas neste fin de curso.

A licitación do transporte está parada logo do conflito provocado pola Xunta no Courel e isto provoca que haxa problemas para organización do curso quen vén (cambios de xornada, horarios, actividades)

Coidadores dos comedores de xestión directa

Cando vai solucionar a Consellaría a situación de falta de persoal voluntario para ser coidador dos comedores dos centros educativos.

Unha administración pública non pode descansar no voluntariado, ten que dotar aos comedores de persoal laboral con esa función.

Sentenza sobre horarios en EOI

Logo dunha sentenza que anula un reparto de horarios entre o profesorado da EOI de Compostela en función de criterios de conciliación, queremos saber que ten pensado facer a Consellaría tanto na execución da sentenza, que está claro que non será con carácter retroactivo mais si para o vindeiro curso mais tamén se ten pensado facer cambios neste sentido, xa que a autorización deses horarios contou co aval da Consellaría malia non estar recollido en ningunha norma. **Confirman que coa normativa na man a sentenza é totalmente correcta e que a aplicarán.**

Prácticas na Formación Profesional

Preocupámonos por como ten pensado solucionar a administración a falta de empresas debido á situación da pandemia para que o alumnado de formación profesional poida realizar as prácticas, a solución -dada nalgúns centros- de

que sexa o alumnado quen busque as empresas non é aceptábel.

Elección profesorado ámbito lingüístico Proa +

Denunciamos a discriminación do profesorado de Galego nos chamamentos de PROA+. Cando se chamou ao profesorado de Castelá para as prazas de ARCO a Consellaría puxo a escusa de que a lista de Galego estaba esgotada. Agora non é así e os chamamentos foron tamén maioritariamente para Castelá.

Descoñecen de onde partiu a orde de cambiar a asignación do profesorado de Galego polo de Castelán. Entendían que se respectaban a petición dos centros, ao contrario do que nos informaron varios centros. Onde si interveu a Consellaría foi para cambiar perfís do ámbito científico, distribuíndo as prazas que pedían os centros entre as diferentes especialidades. Para a CIG-Ensino

esta explicación é aínda máis contraditoria e sen sentido.

Estado dos novos regulamentos orgánicos de centro (ROC).

Pedimos información sobre o estado da tramitación duns novos ROC. Informan que ese tema o leva directamente a Secretaría Xeral de Educación e que teñen creado un grupo de traballo para a súa redacción, pero que non saben en que fase está.

Convocatorias de asesorías, convenios, formación...

Pedimos información sobre a convocatoria destas orde que se convocan todos os anos e que no 2020 quedaron sen convocar pola pandemia. Virán á mesa unha vez saia a resolución definitiva do Concurso Xeral de Traslados.



OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal